

CICLO  
**SEN**  
+  
**NUMERAR**  
PRIMAVERA 2024

FORUM  
METROPOLITANO

**SEN NUMERAR** é un ciclo de artes escénicas para público xuvenil e adulto, de espectáculos de pequeno e mediano formato próximos ao público.

**SEN NUMERAR** é un ciclo de artes escénicas que conta coa colaboración do AGADIC.

Esta primavera presentamos unha oferta de 5 espectáculos de xéneros diversos, de contidos actuais, de estéticas diferentes....

CICLO  
**SEN**  
+  
**NUMERAR**  
PRIMAVERA 2024

FORUM  
METROPOLITANO

**LUGAR**

Fórum Metropolitano.

**HORARIO**

ás 21.00 h.

**ENTRADA**

9,00 €; descontos (Carné Xove, maiores de 65 e persoas desempregadas): 7,00 €

**VENDA DE BILLETES**

• [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)

• Despacho de billetes da praza de Ourense (agás festivos): de luns a venres de 11.00 h a 15.00 h e de 16.30 h a 19.30 h.

• Despacho de billetes do Fórum: desde unha hora antes do comezo do espectáculo (sempre que queden entradas dispoñibles).

**PAGAMENTOS**

No despacho de billetes da praza de Ourense, do Fórum e na televenda con tarxeta de débito ou de crédito, agás American Express.

**ACCESO**

**Cousas que debes saber antes de virnos ver:**

- Pídesse puntualidade. Non se permitirá acceder á sala unha vez que empece a función.
- Todas as persoas que accedan ao auditorio do Fórum deben facelo con entrada.
- Non está permitido entrar á sala con comida nin bebida.
- Non está permitido sacar fotos nin gravar durante a función.

**E DESPOIS DO ESPECTÁCULO**

Se che gustou, compárteo nas redes sociais ou deixándonos un comentario no noso correo

[forummetropolitano@coruna.gal](mailto:forummetropolitano@coruna.gal)



**MÁIS INFORMACIÓN:**  
[www.coruna.gal/cultura](http://www.coruna.gal/cultura)

ORGANIZA



COLABORA



REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS





## A NAI

Idea e creación: Amorodio Teatro - Compañía: Amorodio Teatro

Venres 26 de xaneiro de 2024, ás 21.00 h

Teatro, comedia | 100 minutos | Idioma: galego

“La madre”, era o nome en clave do enlace da rede clandestina de ferrocarril que pasaba por Ribadavia. As persoas que chegaban á estación, debían preguntar por ela para poder acadar a liberdade. Lola, Amparo e Julia Touza Domínguez eran tres irmás ribadavienses que rexentaban o quiosco da estación de tren deste concello ourensán. Pero o que ninguén soubo ata despois da súa morte é que foron responsables de salvar arredor de 500 xudeus perseguidos pola Xestapo.”

A **nai**, é un espectáculo multidisciplinar, que emprega ferramentas do teatro documento e da autoficción, sen perder nunca o sentido do humor. Empregando a memoria como ferramenta de análise para o presente, e material de construción para o futuro traza relacións entre a vida e a obra das irmás Touza e as vidas dos intérpretes.

Unha peza que fala do colectivo fronte ao individual. Da bondade fronte á crueldade.

**Idea e creación:** Amorodio Teatro  
**Dirección:** Marián Bañobre  
**Dramaturxia:** Laura Porto  
**Elenco:** Carmen Facorro, Javier Castiñeira e Yaiza Queiruga  
**Escenografía:** As dúas e punto  
**Iluminación:** Violeta Martínez

Premio Luísa Villalta a proxectos pola igualdade da Deputación de Coruña.



## DEADPAN KARAOKE

Dramaturxia: Patricia Rodríguez e Marián Bañobre

Compañía: Ibuprofeno Teatro

Venres 16 de febreiro de 2024, ás 21.00 h

Teatro, contemporáneo | 75 minutos | Idioma: galego

**Deadpan**, que en inglés significa “cara morta, baleira de expresión, imperturbable”, Karaoke, do xaponés kara (baleiro) e oke (orquestra).

**Deadpan Karaoke** é un espectáculo unipersonal de carácter participativo que propón como ingredientes principais o absurdo, a estupidez, a sorpresa, a comedia, a música e o cine, e que trata de dar resposta á pregunta: É posible o amor nesta sociedade tardocapitalista na que vivimos?

**Deadpan** é un personaxe incapaz de sentir e expresar emoción. A través das súas accións e grazas á contextualización delas dentro dun karaoke, consegue facer accesibles e divertidos para o gran público cuestións e dilemas que ocupan aos grandes pensadores contemporáneos.

**Dirección:** Patricia Rodríguez  
**Actriz:** Marián Bañobre  
**Deseño de son e composición musical:** Mónica de Nut  
**Deseño de iluminación e escenografía:** Violeta Martínez



## NIÑA DE NADIE

de Mafalda Bellido e Sergio Serrano - Compañía: La Zafirina

Venres 8 de marzo de 2024, ás 21.00 h

Traxicomedia, monólogo | 70 minutos | Idioma: castelán

Espóiler. Estou a punto de cumprir dezaoito anos, vai soar o meu móbil, a miña vida vai ir á merda e isto vai ser unha movida. Unha movida moi gorda. Tres días na vida dunha adolescente. Tres días que comezan cunha chamada “A túa nai leva uns días sen vir, pareceume estraño, pareceume estraño, achegueime á túa casa e ...” Unha viaxe de iniciación nese momento en que todo está por descubrir e o caparazón por romper.

Un proxecto de La Zafirina, coproducido xunto a Russafa Escènica. Festival de Tardor 2023, co soporte de Escalante Centre Teatral e Concello de Segorbe.

**Texto e dirección:** Mafalda Bellido e Sergio Serrano  
**Actriz:** Arianne Algarra  
**Iluminación:** Ximo Olcina



## O ÚNICO QUE VERDADEIRAMENTE QUIXEN TODA A VIDA É SER DELGADA

de Esther F. Carrodegas - Compañía: ButacaZero


Venres 26 de abril de 2024, ás 21.00 h

Teatro | 55 minutos | Idioma: galego

Unha obra de auto[non]ficción de Esther F. Carrodegas. Cunha sinceridade crúa, neste texto de auto[NON]ficción, Carrodegas aborda a relación co seu corpo, marcada pola gordofobia que se respira en calquera pequena esquiniña desta nosa apaixonante sociedade da fermosura. Porque por moito que te agoches, a gordofobia segue sempre ao teu carón. Sobre todo porque está en ti.

Espectáculo finalista | Concurso Monólogos da SGAE

**Dirección:** Xavier Castiñeira  
**Intérpretes:** Esther F. Carrodegas e Juanma LoDo (músico)



CANCIONES AMARELAS  
FLORES TRISTES  
Manekineko



**Dirección:** Nerea Brey  
**Intérpretes:** María Costas, César Goldi, Cris Iglesias e Fran Nogueira

## CANCIÓNS AMARELAS, FLORES TRISTES

de Ernesto Is - Compañía: Manekineko

Venres 10 de maio de 2024, ás 21.00 h

Teatro | 70 minutos | Idioma: galego

PODEMOS ESTAR SANS NUNHA SOCIEDADE ENFERMA?

María, César, Cris e Fran, catro persoas de idades, xéneros, crenzas e realidades socioeconómicas moi diferentes, coinciden sempre no mesmo karaoke. Madrugada tras madrugada, as cancións e o alcohol mestúranse cos medos e problemas que os levan a refuxiarse neste lugar, onde constrúen os seus propios paraísos artificiais. Nestas noites de festa hai música, pero tamén silencio; miradas cómplices e mal intencionadas; luces de cores que iluminan o escenario e sombras tras da porta do baño; copas escachadas contra o chan e brindes até o amencer; corpos suorentos, tristes e cansos que procuran outros corpos igual de suorentos, tristes e cansos; tarxetas de crédito co saldo esgotado; maquillaxe e perfumes baratos; bágoas que mollan as flores de plástico coas que se decoran as mesas; frustracións, temores e, sobre todo, anhelos.



CICLO  
SEN  
NUMERAR  
PRIMAVERA 2023